



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE. AUGAS DE GALICIA. SERVIZO TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

María Elia Paz Eijo solicita de Augas de Galicia a autorización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.75220

As obras solicitadas consisten na construción dun muro de contención de terras no predio con referencia catastral 27019A03300227000TT; na zona de policía dun rego innomado; no lugar de Morgallón, na parroquia de Santiago de Fazouro, no concello de Foz (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Foz ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, a xefa do Servizo Territorial de Lugo P.S. 18/08/2021 O xefe do Servizo Territorial da Zona Hidrográfica Galicia-Norte, Néstor Rodríguez Arias.

R. 2673

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE RÉXIME INTERIOR, PROMOCIÓN DO TERRITORIO E TURISMO

Anuncio

CANDIDATURAS GALARDOADAS COS PREMIOS "LUGO CAMBIA AO TURISMO LUCENSE" E "...E PARA COMER, LUGO Á GASTRONOMÍA LUCENSE" (ANUALIDADE 2021)

Con data 10 de setembro de 2021, a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou a concesión dos premios "Lugo Cambia ao Turismo Lucense" e "...E para comer, Lugo á Gastronomía Lucense" para a anualidade 2021. Para dar cumprimento a dito acordo, así como ao establecido nas bases da convocatoria destes premios, dáse publicidade ás candidaturas galardoadas no Boletín Oficial da Provincia:

- Premios "Lugo Cambia ao Turismo Lucense":
 - o Aldea Rural O Mazo.
 - o Viveiro ante o berce.
 - o Páxina web turística "Terras de Burón" dos Concellos de Ribeira de Piquín, Negueira de Muñiz e A Fonsagrada.
 - o Xeoparque Mundial UNESCO Montañas do Courel
- Premio "...E para comer, Lugo á Gastronomía Lucense":
 - o Asociación de criadores de Raza Porcina Celta (ASOPORCEL)

Lugo, 10 de setembro de 2021.- O Presidente, José Tomé Roca. O Secretario Xeral, P.S. José Antonio Mourelle Cillero.

R. 2674